



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

REGULAMENTO MUNICIPAL REGULADOR DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE A GUARDA

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.-

O presente Regulamento regulador da venda ambulante no Concello de A Guarda dictase ó amparo do disposto no art. 25-2 g) e 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, art. 54 da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Miúdo, art. 16º do decreto 194/2002 de 26 de xullo, de Ordenación da venda ambulante en Galicia modificado polo Decreto 171/2002 de 25 de abril, e art. 24 e concordantes da Lei 10/1988, de 20 de xullo, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia, artigo 117 en relación co 41-a da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais e artigos 74 e seguintes do Regulamento de Béns das Entidades Locais.

Artigo 2.-

1.- Considérase venda ambulante a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.

2.- A venda ambulante unicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexos a mercados fixos ou en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos, dacordo coas condicións e termos establecidos no presente Regulamento, quedando prohibida no término municipal de A Guarda a venda ambulante que non se axuste ás prescricións establecidas na mesma.

Artigo 3.-

Non terán a consideración de venda ambulante as realizadas dentro de locais ou recintos ocupados por un certame ferial.

Artigo 4.-

O Concello, por causa de interese xeral e previo cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá modifica-las prescricións deste Regulamento dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de puntos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que elo dé lugar a indemnización algunha. Así mesmo a Alcaldía por resolución motivada poderá alter-los lugares de venda de forma provisional por razóns de interese público.

Queda prohibido todo tipo de venda ambulante ocasional fora dos postos existentes nos Mercados Municipais, salvo os que con carácter excepcional autoricense para os supostos seguintes:

Os mercadillos tradicionais de frores, froitas e hortalizas, mel, libros, palmas, etc., tendo en conta os aspectos determinados no artigo 24 da Lei 19/1988, de 20 de xullo, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia e no Decreto 194/2002, do 26 de xullo, de Ordenación da Venda ambulante en Galicia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A autorización dos referidos mercados tradicionais efectuaráse mediante acordo da Comisión de Goberno, previo informe da Xefatura da Policía Local e Concellal Delegado do área.

ESPACIOS RESERVADOS E NÚMERO DE POSTOS

Artigo 5.-

O Concello establece como zoas para o exercicio da venda na vía pública e espazos abertos, os seguintes:

A ALAMEDA MUNICIPAL.

Fora do sinalado queda terminantemente prohibida a venda ambulante, salvo as autorizacións expresas concedidas pola Alcaldía ó amparo do disposto nesta ordenanza.

Artigo 6.- En ningún caso permitirás a colocación de postos nas aceiras que estorben o paso a locais comerciais, diante dos escaparates, en accesos a edificios públicos ou privados, nin en lugares que dificulten a circulación peatonal ou de vehículos.

Os postos de venda instalados en aceiras ou vías públicas que vulneren os establecidos no apartado anterior, serán retirados pola Policía Municipal, previa resolución da Alcaldía.

Artigo 7.- Nos espazos autorizados para a venda ambulante prohibese o comercio de produtos mediante vehículos salvo autorización individualizada expresa en sentido contrario.

PERIODICIDADE E HORARIO DE MERCADILLO

Artigo 8.- Ós efectos do presente Regulamento e de acordo co disposto no art. 22 e seguintes da Lei 10/1988, de 20 de xullo e art. 53 da lei 7/1996, de 15 de xaneiro, considérase venda ambulante a realizada fora dun establecemento comercial, realizada nos mercados que se celebren os sábados de cada semán, nos lugares expresamente autorizados por este Regulamento.

Artigo 9.- O horario establecido comprende dende as 09:00 as 13:00, no que se procederá a súa retirada, excepto os meses de xuño, xullo, agosto e setembro que será de 08:00 a 14:00. O montaxe dos postos deberá efectuarse entre as 08.00 e as 09.00 horas, excepto os meses de xuño, xullo, agosto e setembro que será de 07:00 a 08:00, quedando prohibida a instalación a partir da hora indicada e sen que o posto poida ser ocupado por outro vendedor.

PRODUCTOS AUTORIZADOS

Artigo 10.- Só poderán expoñerse e venderse produtos autorizados, tales como artigos textiles, de pel, de artesanía, para ornato de pequeno volume, libros, aparatos de radio, cintas de música, plantas, frores e outros análogos.

Artigo 11.- Queda prohibida a venda de carnes, aves e caza fresca, refrixerados e conxelados, pescados e mariscos frescos, leite, queixo e demais produtos lácteos, pastelería, bolería, semiconservas e en xeral todo produto de alimentación, así como calquera outro produto incluído no nomenclátor do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres ou Perigosas.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Nembargantes, en supostos excepcionais poderase autriza-la venda dos produtos a que se refire este artigo cando se dispón de instalacións frigoríficas ou os produtos estean debidamente envasados, previo informe favorable do Servizo Veterinario en todo caso.

Artigo 12.- Non poderá concederse autorización para a venda de produtos cando a normativa reguladora así o prohiba, podendo, ademais, as autoridades sanitarias prohibir a venda de determinados produtos cando motivos de saúde pública o aconsellen.

REQUISITOS PARA O EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

Artigo 13.-

1.- A venda ambulante soamente poderá efectuarse nos lugares ou zonas autrizadas, nas dtas e polo tempo que igualmente se determine e respecto dos produtos que, non tendo prohibida a súa venda baixo este réxime, figuren expresamente sinalados na correspondente autorización municipal

2.- O vendedor ambulante, para o exercicio da súa actividade no municipio de A Guarda, deberá xustifica-lo cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Posuí-la condición de comerciantes segundo a lexislación mercantil.
- b) Estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente de ambulante e atoparse ó corrente no pago da correspondente cota ou cotas.
- c) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- d) Estar en posesión de autorización municipal correspondente para o exercicio da venda ambulante.
- e) Estar ó corrente no pago dos tributos de carácter municipal estipulados, ou que se estipulen, para o exercicio deste tipo de venda ambulante, nas ordenanzas fiscais correspondentes, ou no seu defecto, as aplicables ó comercio establecido.
- f) No caso de estranxeiros deberase acreditar, ademais, estar en posesión dos correspondentes permisos de residencia e traballo.
- g) Estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e dispor do correspondente documento acreditativo.
- h) Estar debidamente identificado como comerciante ambulante, na forma que se establece no Decreto 194/2002.
- i) Cumpri-las condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxeto de venda.

Artigo 14.-

Os cidadáns non pertencentes á Unión Europea, deberán acreditar, antes de concederlles a autorización para o exercicio da actividade, estar en posesión dos correspondentes permisos de traballo expedida pola Delegación de Traballo e permiso de residencia conforme á lexislación vixente e estarase ó disposto ós convenios internacionais de carácter bilateral.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

As autorizacións referidas no párrafo anterior quedarán nulas e sen efecto cando seanlles revocados os seus permisos de residencia ou traballo.

LICENCIA MUNICIPAL

Artigo 15.-

- 1.- As licencias de ocupación nos días sinalados serán expedidas pola Administración Municipal, sendo da súa competencia única e exclusiva o outorgamento das mesmas.
- 2.- A práctica da venda ambulante require autorización expresa do Concello.
- 3.- Será competente para autoriza-la venda nos lugares indicados neste Regulamento o Alcalde-Presidente da Corporación ou, por delegación, o Concellal delegado.

Artigo 16.-

Poderán optar á concesión das licencias que se regulan no presente regulamento, tódolos cidadáns da C.E. e estranxeiros, maiores de idade, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar, con arrego á lexislación mercantil e de conformidade co establecido na Lei 10/1988, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia e as prescricións deste Regulamento.

Artigo 17.-

A solicitude para o exercicio da actividade deberá ser presentada polo interesado, ou representante legal, mediante instancia dirixida ó Ilmo. Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello, facendo consta-los datos seguintes:

- a) Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e número do DNI/CIF ou do pasaporte do titular da autorización.
- b) Mercadorias que van a expenderse e modalidade da venda, isto é se se trata de postos instalados na vía pública ou mediante camións ou vehículos tenda.
- c) O prazo do tempo polo que se solicita a autorización que non poderá exceder dun ano, renovándose tácitamente, sempre e cando non se incumpra algún apartado do presente Regulamento.
- d) Metros cadrados de ocupación. Se establecen como dimensións máximas 8 metros de longo, por 1 de ancho.
- e) Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- f) Tres fotografías tamaño carné, unha delas unirase á tarxeta municipal de Venda Ambulante, que será facilitada polo Concello, a cal estará sempre visible no acto da venda.
- g) Xustificante de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas neste Concello e atoparse ó corrente do seu pago.
- h) Declaración expresa na que o solicitante manifieste coñece-las normas á quen debe axustarse a súa actividade e o seu compromiso a observalas.
- i) Copia compulsada da Tarxeta acreditativa da inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia debidamente actualizada.

Artigo 18.-

As licencias outorgadas entregaranse previa xustificación do ingreso nas Arcas Municipais da correspondente taxa fixada na vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación da vía pública ou bens municipais.

Artigo 19.-



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Para o exercicio do comercio ambulante será necesario o uso de instalacións desmontables e/ou transportables quedando prohibida a exposición de mercadorías no chan.

Artigo 20.-

A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante, concederáse por Resolución do Ilmo. Sr. Alcalde ou Concellal en quen se delegue esta atribución, previa comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante e tamén das condicións esixidas pola regulación do produto do cal autorízase.

Artigo 21.-

No caso de cambia-la ubicación do Mercado, os postos, previamente delimitados e sinalizados, adxudicaránse ós titulares da licenzia municipal tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Pola maior antigüidade na ocupación reiterada e efectiva dun espazo determinado no Municipio de A Guarda.
- b) Agrupación por zoas dos artigos de venda do mesmo ramo de actividade.
- c) Nos supostos de discrepancia entre os vendedores, se procederá a favor do máis antigo. De te-la mesma antigüidade, mediante sorteo.

Artigo 22.-

1.- As licenzias serán persoais e intrnsferibles e os seus titulares serán exclusivamente persoas físicas; se concederán polo prazo dun ano. En ningún caso extenderase máis denha licenzia por persoa dada de alta no réxime de autónomos na Seguridade Social.

2.- Non obstante a autorización habilitará, ademáis, do seu titular, o cónxuxe deste, ós seus descendentes directos maiores de 16 anons e ás persoas vinculadas a él mediante contrato laboral. Circunstancia ésta última que deberá acreditarse a solicitude do Concello.

Artigo 23.-

Se o titular interrompe a actividade e ocupación para a que está autorizado por un tercio do período, automaticamente produciráse a súa caducidade.

Non obstante o disposto no párrafo anterior, a Administración poderá resolver casos individualizados por enfermidade do titular ou outras causas debidamente xustificadas.

Artigo 24.-

Tanto a solicitude como a petición de renovación desta licenzia efectuarase o mes de decembro do ano anterior a súa vixencia, podendo dita licenzia ser revocada previa motivación e sen dereito a indemnización ou compensación de clase algunha nos casos de faltas calificadas como graves ou moi graves no presente Regulamento e seguindo o procedemento regulamentario.

Artigo 25.- A autorización municipal conterà os seguintes datos:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- 1.- Nome e apelidos do comerciante autorizado.
- 2.- D.N.I., ou pasaporte.
- 3.- Domicilio fiscal.
- 4.- Fotografía.
- 5.- Productos autorizados para a venda.
- 6.- Periodo de vixencia da licenza.
- 7.- Lugares de venda.
- 8.- Número de metros cadrados do posto.
- 9.- Datas na que pode efectuarse.
- 10.- Indicación expresa da súa intransferibilidade e posible revogación e renovación.
- 11.- Ningún vendedor posará obter licenza municipal para máis dun posto de venda por cada persoa dada de alta no réxime de autónomos da Seguridade Social.

CONTROL E INSPECCIÓN

Artigo 26.- Corresponde ó Concello o control e a inspección dos postos, comprobándose que se leve a cabo a venda dos produtos autorizados, que se ocupe a superficie concedida, que os produtos atópanse en bó estado sanitario e que se cumpra a normativa deste Regulamento, así como a sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras Administracións.

Artigo 27.- Son obrigas dos titulares das licencias:

- a) Estar dado de alta na Seguridade social e estar ó corrente o pago das cotizacións.
- b) Estar debidamente inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.
- c) Estar dado de alta no Imposto de actividades Económicas e estar ó corrente do pago das súas obrigas tributarias respecto da actividade que exercen.
- d) Estar ó corrente no pago da taxa correspondente ó aproveitamento especial da vía pública, sempre por trimestres anticipados.
- e) Exerce-la actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que fora autorizado.
- f) Se houbera de utilizar pesas ou medidas, te-las debidamente contrastadas polo servizo correspondente da Delegación de Industria.
- g) Observa-las normas sanitarias que establecen as disposicións vixentes.
- h) Cumprir cantas obrigacións imponhan as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- i) Mante-las instalacións, postos e demais elementos de venda, nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Así mesmo ó remate da xornada comercial terán que deixar limpos de residuos os espazos ocupados.
- j) Manter limpo de residuos e desperdicios os emprazamentos en todo momento e repara-los desperfectos ocasionados na vía pública e instalacións, tanto durante o aproveitamento coma ó remata-lo mesmo.
- k) Exhibir ós axentes da Policía Local e inspectores de rendas e vixiante de Mercados, cando o requiran para elo, o documento onde se outorgue a licenza, así como os xustificantes de pago do prezo público por aproveitamento especial da vía pública.
- l) O vendedor terá a obriga de mostra-la factura de compra dos produtos, a requerimento das autoridades ou funcionario municipal.
- m) Cumpri-las disposicións deste Regulamento.

Artigo 28.- Queda totalmente prohibido:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- a) Producir ruídos, gritos ou música que incumpran o disposto na vixente ordenanza de ruídos e vibracións.
- b) Traspasar ou ceder a licencia así como troca-lo emprazamento das instalacións ou amplialas sen autorización municipal e extende-las mercadorías fora dos límites do posto.
- c) O exercicio de calquera actividade ou comercio que contraviñera o establecido neste Regulamento.

Artigo 29.- En materia de inspección o concello vixiará o debido cumprimento por parte dos titulares das autorizacións, do preceptuado nas mesmas e especialmente das esexencias hixiénico-sanitarias.

Artigo 30.- Os vendedores ambulantes deberán cumprir, no exercicio da súa actividade mercantil, coa normativa vixente en materia de Comercio e Protección ó Consumidor e responder dos produtos que venda, facilitando a súa identificación mediante etiquetado e procedencia.

SIGNOS DE IDENTIFICACIÓN

Artigo 31.-

1.- O Concello proverá a cada comerciante, vendedor ambulante dunha tarxeta de identificación, que xunto ca tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes ambulantes de Galicia, deberá estar exposta, por quen exerza a venda ambulante neste Concello, cos seus datos de identificación e domicilio de mosmo dque resulten fácilmente visibles para o público.

2.- A identificación do comerciante ambulante faráse efectiva mediante a exhibición da tarxeta expedida polo rexistro ou copia compuosada, que levará colocada na forma que resulte máis adecuada para os referidos efectos de información xeral e a súa comodidade persoal.

3.- Así mesmo, no caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda e de postos desmontables cubertos, a identificación e o domicilio do comerciante deberá figurar tamén nas portas ou bandas laterais daqueles, ben sexa impresos directamente ou mediante carteis adheridos, e coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.

Artigo 32.-

A tarxeta será confeccionada polo Concello e conterá os datos regulamentariamente esixidos para a venda ambulante.

A tarxeta de identificación a que fai referencia o presente Artigo será esixida á entrada ó recinto do mercadillo, podendo prohibirse a colocación do posto cando se careza dela.

INSTALACIÓN E LIMPEZA

Artigo 33.-

A venda ambulante exercerase en postos de venda desmontables ou transportables ou en camións ou vehículos-tenda que ofrezan as condicións de seguridade e de hixiene esixidas pola normativa específica vixente.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artigo 34.-

Os postos desmontables deberán instalarse ocupando o lugar asignado e sen sobrepasa-los límites do espacio asignado según superficie concedida, non podendo situarse nos accesos a locais comerciais ou impedindo a vista dos seus escaparates ou exposicións.

Artigo 35.-

Queda prohibida a utilización de megafonía para anuncia-la venda de produtos reclamando a atención dos consumidores.

Artigo 36.-

Os vendedores ambulantes veñen obrigados a manter limpo e en debidas condicións de hixiene o espacio que lles fora asignado, recollendo tódolos desperdicios e embalaxes, debidamente atados ou depositados nos contenedores para facilitar-la ulterior tarefa do Servicio de Recollida de Lixo.

Artigo 37.-

Non se permitirá a vend de artigos nos postos dos mercados municipais a quenes padezan enfermidade infecto-contaxiosa.

O Concello resérvase o dereito de somete-los vendedores a recoñecemento médico, cando o xulgue conveniente.

8

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 38.-

1.- Para os efectos do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ó disposto no título VI, capítulo II da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia; ó establecido no capítulo IX da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consuidores e usuarios, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor, en relación coa disposición derradeira primeira da Lei 12/1984, do 28 de decembro, do estatuto galego do consumidor e usuario; e ó previsto na normativa específica de réxime local, todo iso segundo o interese lexítimo tutelado que en cada caso resulte preferente.

2.- O incumprimento do especificado en ditos preceptos, dará orixe á incoación do correspondente procedemento sancionador dacordo co disposto no punto dous do art. 17 do Decreto 194/2002 de 26 de xullo de Ordenación do Comercio ambulante en Galicia, clasificándose as faltas en leves, graves e moi graves.

A) FALTAS LEVES:

- a) Producir ruídos, gritos ou música que incumpran a Ordenanza de ruídos e vibracións.
- b) Falta de ornato ou limpeza das instalacións e da zoa circundante inmediata ó mesmo.

B) FALTAS GRAVES:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- a) A reiteración por dous veces de faltas leves, perante o periodo de tres meses.
- b) Non cumpri-las normas de seguridade das instalacións e lementos das mesmas.
- c) A venda de produtos distintos dos autorizados.
- d) A instalación do posto en lugar distinto do autorizado.
- e) Non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercadoría.
- f) A desobediencia a tende-las normas de orde e indicacións da Policía Local.

C) FALTAS MOI GRAVES:

- a) A reiteración por dúas veces de faltas graves, perante o periodo de seis meses.
- b) Incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.
- c) O exercicio da actividade por persoa distinta á autorizada.
- d) A instalación de postos sen a debida autorización.
- e) A venda de produtos non autorizados.

A aquelas infraccións ó presente Regulamento que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984, de 19 de xullo, Xeral para a Defensa de consumidores e Usuarios, lle serán de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no mencionado texto legal, así como naqueles dictados en desenvolvemento do mesmo.

Artigo 39.- As sancións a aplicar serán as seguintes:

- 1) Por faltas leves, multa de 6 a 60 euros.
- 2) Por faltas graves:
 - Multa de 60,01 euros a 150 euros
 - Ou suspensión cautelar ou temporal da autorización.
- 3) Por faltas moi graves:
 - Multa de 150,01 euros a 300 euros.
 - Revogación da autorización, podendo chegar ó decomiso da mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Corresponde ó Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente da Corporación Municipal a imposición das multas, mediante consulta da Comisión de goberno.

Artigo 40.-

As infraccións ó establecido neste Regulamento serán obxecto de sanción administrativa, previa instrucción do correspondente expediente sancionador tramitado con arrego ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común e o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, que se iniciará de oficio ou por denuncia e en particular, por incumprimento do disposto no Regulamento regulador da Venda Ambulante.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.-

Calquera autorización concedida con anterioridade á entrada en vigor do presente Regulamento quedará sen efecto transcorrido un mes dende a entrada en vigor, prazo dentro do cal os titulares poderán solicita-la licenza adaptada ás prescricións da mesma.